



Orde do día 14 de novembro de 2005.

Ó abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco ós/as Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno Local que terá lugar o día **14 de novembro de 2005, ás 10:00 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Solicitudes de licencias de obras.
- 2.- Devolución de fianzas.
- 3.- Recepción de obras.
- 4.- Informes en expedientes de actividades clasificadas.
- 5.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación provisional do Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto industrial da antiga papeleira de Vidán, no solo urbanizable non programado número 29 (SUNP-29) de Brandía.
- 6.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación definitiva da reparcelación da unidade de xestión número 16 (UX-16) de Santas Mariñas.
- 7.- Proposta da Concelleira Delegada de Reforma Administrativa relativa á adxudicación do subministro de 4 equipos Proliant DL320G3 e unha licenza de windows server 2003.
- 8.- Proposta da Concelleira Delegada de Reforma Administrativa relativa á adxudicación do subministro 5 licencias de PowerMap para cartografía.
- 9.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente relativa a adxudicación do subministro de 50 sinais de prohibición de verquido.



Orde do día 14 de novembro de 2005.

10.- Proposta dos Concelleiros Delegados de Benestar Social e de Urbanismo relativa á rectificación do acordo de 1 de agosto de 2005, polo que se adxudicou a Asistencia técnica para a contratación de 2 arquitectos técnicos para a verificación das condicións necesarias para o acceso a vivendas de promoción pública.

11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación do subministro de camisas de inverno e de verán para o persoal da Policía Local.

12.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación do subministro de cazadoras, pantalóns de inverno e de verán e outros complementos para o persoal da Policía Local.

13.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación do subministro de camisetas interiores, chándales e sudadeiras deportivas e sets térmicos para o persoal da Policía Local.

14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación do subministro de 6 uniformes de gala para lanceiros, feitos a medida.

15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do subministro de vestiario para o persoal do servizo de extinción de incendios.

16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación dunha asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución dun Polideportivo en FONTIÑAS.

17.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación do subministro e instalación de barreiras de contención de vehículos en distintas zonas do termo municipal.

18.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente relativa á prórroga por un ano do convenio suscrito coa Sociedade de Caza



Orde do día 14 de novembro de 2005.

e Pesca "La Venatoria" para a cesión gratuita do uso da cabaña de pescadores sita en Chaián.

19.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á adxudicación dunha asistencia técnica para o desenvolvemento da actividade "Ruptura de parella, non de familia".

20.- Proposta da Concelleira Delegada do Casco Histórico relativa á adxudicación do subministro 25 placas a gravar e colocar na zona monumental da Cidade.

21.- Proposta da Concelleira Delegada de Reforma Administrativa relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación do servizo corporativo de telefonía fixa para envío de voz do Concello.

22.- Proposta da Concelleira Delegada de Reforma Administrativa relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación do servizo de telefonía móvil para envío de voz e datos do Concello.

23.- Proposta da Concelleira Delegada de Reforma Administrativa relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación do servizo corporativo de transmisión de datos do Concello.

24.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á aportación ao capital fundacional da " Fundación Down Compostela" , e á designación dun representante .

25.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á autorización a diversos colectivos para formar parte do programa " Á auga patos", con carácter gratuito.

26.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á realización da campaña de promoción e dinamización do comercio na área de Compostela : "Compostela capital de compras".

27.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á ampliación do prazo de execución do contrato de



Orde do día 14 de novembro de 2005.

asistencia técnica para a realización dunha guía de implantación e mellora comercial na Cidade.

28.- Aprobación do proxecto da Ordenanza reguladora do Rexistro municipal de solares e edificacións a rehabilitar.

29.- Proposta da Concelleira Delegada de Sanidade dando conta da solicitude polo Concello de apoio financeiro ao abeiro da convocatoria da FEMP para programas innovadores nas liñas extratécnicas do programa de Cidades saudables.

30.- Propostas da Alcaldía relativas á representación e defensa xudiciais.

31.- Dar conta de Autos e Sentenzas Xudiciais.

32.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

33.- Correspondencia.

34.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2005

**O Alcalde**

**Asdo:** Xosé A. Sánchez Bugallo